

BASES DO CONCURSO

Concurso de escaparates: SAMAÍN 2020

ORGANIZADORA

Área de Comercio, Mercados e Barrios Concello da Coruña

Primeira.- OBXECTO

O presente Concurso ten por obxecto promover a creatividade dos/das comerciantes á hora de presentar os seus establecementos e produtos, de forma que sexan atractivos para a veciñanza e clientela, á vez que contribúen a promocionar e impulsar o comercio local e a dinamización empresarial, así como a visualización da festa tradicional do Samaín.

Segunda.- TEMA

O Samaín, festa tradicional galega.

Terceira.- PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso os establecementos comerciais abertos ao público no municipio da Coruña agás grandes cadeas comerciais, comercio situado en grandes superficies e aqueles relacionados coa hostalería.

Cuarta. - LUGAR E PRAZOS DE INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta e poderá realizarse de dous modos:

A través do formulario que atopará na páxina web www.samaincoruna.gal.

A través dun modelo tipo asinado pola persoa responsable no momento de ser visitado no seu establecemento.

Quinta.- DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

Os escaparates deberán estar decorados, polo menos, desde o día 15 e ata o 31 de outubro e a temática terá que gardar necesariamente relación co Samaín.

Poderase utilizar calquera tipo de elemento visual, de son ou audiovisual que axude na decoración.

Sexta.- COMPOSICIÓN DO XURADO

Estará formado por representantes do comercio coruñés e persoal municipal.

Sétima. - CRITERIOS DE VALORACIÓN DO XURADO

Como criterio orientativo para as persoas participantes o Xurado valorará fundamentalmente os seguintes factores para seleccionar aos dez finalistas:

- Ambientación temática no Samaín
- Orixinalidade e creatividade
- Montaxe
- Complexidade Estética

Oitava. - VISITAS DE VALORACIÓN DO XURADO

O Xurado de maneira anónima realizará visitas aos establecementos participantes en horario de apertura comercial para a selección dos dez finalistas. As valoracións efectuadas polo Xurado serán publicadas na web www.samaincoruna.gal. Sobre as mesmas non caberá recurso algún.

Novena.- VOTACIÓN POPULAR

A votación popular decidirá cal é o escaparate gañador votando entre os dez finalistas elixidos polo Xurado. Esta votación levaráse a cabo por medio da web www.samaincoruna.gal onde figuran todos os detalles e prazos da votación. O escaparate máis votado será o gañador e ocuparán os postos seguintes os sucesivos en votos.

Décima.- PREMIOS

Os premios outorgados serán os seguintes:

- 1º Premio: 2.500,00 €
- 2º Premio: 1.500,00 €
- 3º Premio: 1.000,00 €
- 4º Premio: 750,00 €
- 5º Premio: 750,00 €

Undécima.- FALLO DO CONCURSO E ENTREGA DO PREMIO

O fallo da votación popular será inapelable e publicarase en www.samaincoruna.gal. O establecemento gañador será avisado telefonicamente e por correo electrónico.

Poderase realizar un acto de entrega, se as circunstancias o permiten, nalgunha instalación municipal por determinar.

Duodécima. - ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste Concurso supón a total aceptación das presentes bases, así como o fallo do Xurado e da votación popular.

En virtude da miña participación, aquelas persoas que voten na web www.samaincoruna.gal e resulten agraciadas no sorteo poderán consumir no meu establecemento o valor dos vales nominais de compra entregados polo Concello. Estes vales que recibirei e custodiarei das persoas gañadoras como pago das súas compras

serán aboados pola empresa Puertas Afuera Comunicación Ambiental e Cultural, S.L. (B70358437, enderezo: C/Alfonso Rodríguez Castelao 9 baixo) entre os días 2 ao 7 de novembro de 2020.

Pola miña banda, se o meu establecemento resulta un dos 10 finalistas do concurso, comprométeme a enviar dúas fotografías do escaparate co que participo no concurso ao enderezo info@samaincoruna.gal.

En cumprimento do disposto na Ley Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Personal, informámoslle que os datos de carácter persoal obtidos mediante o presente formulario de consulta, van ser tratados e quedarán incorporados aos ficheiros responsabilidade da DGIPYME.

Neste sentido, informámoslle que a recollida e tratamento dos seus datos teñen como finalidade a resolución das consultas expostas sobre o contido desta web.

O feito de utilizar o formulario de consulta implica que expresa o seu consentimento para que os datos fornecidos queden incorporados a un ficheiro automatizado titularidade da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

Así mesmo, rogámoslle que neste formulario de consulta non incorpore datos relativos á súa saúde, salvo que vostede queira indicarnos o seu grao de discapacidade ou condición de discapacitado.

En todo caso, vostede pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola Lei, dirixindo un escrito ao Director Xeral da Dirección Xeral de Industria e da PYME, Paseo da Castelá, número 160 - 28046 Madrid.